
Escenario 3.A: Exportación de unidades por CIFS con FreeNAS

- A finalidade principal dos volumes creados en FreeNAS sempre é compartilos a través da rede (por medio de distintos protocolos) para que sexan usados por equipos de forma remota.

- Un dos protocolos que podemos utilizar para compartir un volume é CIFS, que como xa vimos permitirá acceder aos datos do volume tanto dende equipos Windows como dende equipos Linux, grazas ao cliente de *samba*.





Sumario


- 1 Compartir unha carpeta por CIFS en FreeNAS
- 2 Administración dos usuarios de acceso á carpeta compartida
- 3 Acceso á carpeta compartida dende Windows
- 4 Acceso á carpeta compartida dende Ubuntu/Linux

Compartir unha carpeta por CIFS en FreeNAS


Con FreeNAS poderemos compartir calquera carpeta por CIFS; imos ver os pasos que debemos seguir:

- Compartir unha carpeta por CIFS en FreeNAS
- 

En primeiro lugar, eliminamos os volumes que teñamos creados e facemos un único volume ZFS *datos* con **tres** dos catro discos físicos do equipo en *stripe*, xa que un dos discos imos deixalo libre para un uso posterior.
- 

Creamos dentro do volume o conxunto de datos *comunalumnos*, con un tamaño de 5GB.
- 

Picamos no botón **Compartido** da barra superior, e aparece a pestana **Shares**. Vemos que dentro hai tres apartados que se corresponden cos tres protocolos de compartición de ficheiros que soporta FreeNAS, que son: **AFP** (para equipos Apple), **NFS** (como vimos para equipos Linux, aínda que tamén se pode usar con equipos Windows) e **SAMBA (CIFS)** (para equipos Windows e Linux).

- 

Picamos no apartado **SAMBA (CIFS)**, e no botón de **Añadir Compartidos SAMBA**.

- 

Poñemos un nome para a carpeta compartida (*comunalumnos*), opcionalmente un comentario e a ruta da carpeta que queremos compartir. Neste caso o conxunto de datos *comunalumnos*, que está montado en */mnt/datos/comunalumnos*.


Ollo, que os campos poden estar cambiados dunha versión á outra.

- 


O servizo de **CIFS** non está activo, así que FreeNAS pregúntanos se queremos activalo. Imos alá.

- 

Activámolo, pero imos picar na chave para ver que parámetros podemos configurar.

- 

Algúns parámetros interesantes son o nome de NetBIOS, que é o nome que terá este equipo na rede Windows (os equipos Windows poderán localizar o servidor NAS por este nome), e o grupo de traballo no que vai estar na rede Windows. Tamén podemos poñer unha descrición, e é conveniente axustar os xogos de caracteres dependendo dos clientes que teñamos para evitar problemas con caracteres con til, eñes, etc. entre equipos Windows e Linux.


- 


Despois de gardar, desactivamos e activamos o servizo para aplicar a nova configuración.

Administración dos usuarios de acceso á carpeta compartida

O protocolo CIFS vai pedir aos equipos que intenten acceder á carpeta compartida un nome de usuario e contrasinal válidos para poder acceder ao recurso. ¿Que usuarios temos no noso FreeNAS? Imos ver como administralos:

- Administración dos usuarios de acceso á carpeta compartida
- 

  Picamos no botón **Cuenta** da barra superior para activar a pestana de xestión de usuarios e grupos.
- 

  Picamos en **Engadir Grupo** e creamos o grupo *profes*...
- 


e despois o grupo *alumnos*. Picamos no apartado de **Usuarios**.

- 


E picamos en **Engadir Usuario**...

- 

para engadir un usuario co nome de usuario *noa*...

- 

e engadila no grupo *profes*.

- 

E tamén creamos a *pia*, engadíndoa no grupo *alumnos*. Listo, xa temos os usuarios e grupos creados.

- 


Imos cambiar os permisos do conxunto de datos *comunalumnos* para só os *profes* poidan escribir, e así comprobar a diferenza entre que acceda *noa* e *pia* á carpeta compartida.


Con estes pasos explicamos como administrar os usuarios e grupos locais do sistema, pero FreeNAS inclúe servizos para poder tomar os usuarios dun *Active Directory* (un controlador de dominio Windows) ou un *LDAP* (servizo usado para centralizar os usuarios en redes Linux) de forma que podemos integrar os usuarios que teñamos na noso dominio de rede.

Acceso á carpeta compartida dende Windows

Imos acceder á carpeta dende un equipo Windows conectado en rede ao equipo FreeNAS:


- Acceso á carpeta compartida dende Windows

- 

Iniciamos o explorador de ficheiros de Windows, e picamos na opción de **Conectar a unidad de red**.
- 

Escollemos unha letra para a unidade e como ruta da carpeta introducimos **nascursosv\comunalumnos** (nome do servidor FreeNAS na rede Windows, aínda que tamén poderíamos poñer a dirección IP, e o nome da carpeta compartida). Activamos a opción de **Conectar con otras credenciales**.
- 

Introducimos o nome de usuario e contrasinal de **pia**.

- 


Perfecto!! Estamos conectados á carpeta (Se houbese algún problema coa autenticación, simplemente reiniciar o servizo de CIFS despois de crear os usuarios). Imos intentar crear unha carpeta (recórdese que *pia* é unha alumna)...

- 


Perfecto!! Non podemos. Fixádevos no tamaño da unidade... por que é de 5GB? .... Efectivamente, estamos accedende ao conxunto de datos *comunalumnos*, que está limitado a ese espazo.

Acceso á carpeta compartida dende Ubuntu/Linux

Imos probar por último o acceso á carpeta dende un equipo Ubuntu:

- Acceso á carpeta compartida dende Ubuntu/Linux
- 


Iniciamos o navegador de ficheiros e seleccionamos o menú **Ficheiro**->**Conectar co servidor...**.

- 

Introducimos os datos para conectarnos, que se poden ver na imaxe. Neste caso, imos conectarnos co usuario *noa*.

Nas versións máis recentes de Ubuntu, haberá que poñer como enderezo do servidor: **smb://nascursosv/comunalumnos**.


No explorador de ficheiros Nautilus premendo CTRL+L tamén podemos escribir a URL: smb://ip ou nome da nas/recursos compartido.

- 

Perfecto!! Estamos conectados. Imos intentar crear unha carpeta (recórdese que *noa* é unha profe)...

- 

Perfecto!! Agora si que podemos.

- 

pia pode ver dende o equipo Windows a carpeta que creou *noa*.

- 

Nesta imaxe móstrase como se pode montar a carpeta compartida co comando **mount**. Esta opción sería válida para calquera distribución de Linux, sempre que tivese instalado o cliente *samba*.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez --